



## IES Plurilingüe A Cachada



Avenida Municipalidade de Avellaneda, s/n - Boiro (A Coruña)  
ies.acachada@edu.xunta.es 881866717

Estimadas familias,

Informámosvos de que o equipo docente do centro realizará a semana que vén a actividade titulada **“O Paseo de Jane”**, unha iniciativa internacional que persegue homenaxear á activista e urbanista Jane Jacobs realizando accións e percorridos por cidades de todo o mundo para reivindicar as rúas como espazo público de convivencia e encontro. Esta actividade organízase en torno á data de aniversario do nacemento de Jane Jacobs (Scranton, Pensilvania, 4 de maio de 1916 — Toronto, 25 de abril de 2006).

Con motivo dun proxecto sobre sustentabilidade e urbanismo desenvolvido no centro durante o presente curso, un grupo de docentes e alumnado xuntámonos para organizar o noso 1º paseo de Jane, movidos pola inxuedanza de repensar Boiro tralo confinamento.

Dende o curso 2020 estamos a traballar nun Club de Ciencia cuxo eixo de acción é o estudo do lugar onde vivimos: a contaminación de radon en cada parroquia, a expansión e consecuencias de plantas invasoras, a presenza de microplásticos nas praias, a redución de uso de plásticos, a aparición de bacterias resistentes nas nosas augas, os sistemas de abastecemento e saneamento de auga, etc.

Pola súa parte, nas aulas de Tecnoloxía desenvolvemos un proxecto de arquitectura sostible baseado nun módulo de bioconstrución que elaboramos no noso recinto e que é único nun centro de secundaria en Galicia. O proxecto chámase BoiHaus e con el van xa tres xeracións de rapaces e rapazas de Boiro que estudan, cuestionan e redeseñan as súas vivendas desde o prisma da bioclimática, os materiais, o confort lumínico e higratérmico, a saúde.

Finalmente, desde a materia Proxecto Boiro de 1º ESO colaborárase no Paseo de Jane axudando ó alumnado a deseñar un folleto dixital que describa a ruta, no ánimo de aumentar a súa competencia dixital e o coñecemento do noso concello.

A través deste Paseo de Jane buscamos difundir o resultado das nosas investigacións tanto entre o alumnado do instituto como entre a cidadanía, escoitando o que esta poida aportar ó deseño de novas actividades. Neste sentido, **encantaríanos contar coa súa presenza e opinión ó longo da ruta**, da que lles achegamos detalle no anverso desta notificación.

Atentamente,

Equipo docente de Sustentabilidade

### Paseo Sustentabilidade

-  Paseo de Jane 2022
-  1 IES A Cachada
-  2 Praia Barraña
-  3 Esteiro Coroño
-  4 Pazo Goiáns
-  5 Tenencia
-  6 Paquetería Josefina
-  7 Camiño vello
-  8 Río Breiro



### DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

- Data: 3 de maio de 2022
- Hora de comezo: 14:25 horas
- Hora de remate: 18:00 horas
- Lonxitude: 6 kilómetros
- Percorrido: ver mapa superior.
- Observacións para todas as persoas participantes (docentes, alumnado, familias):
  - Debe traerse o xantar da casa ou mercado no instituto.
  - Recoméndase calzado e roupa cómoda para realizar o paseo.
  - Pode traerse móbil para gravar e facer fotos, así como un caderno para tomar notas e/ou facer debuxos.